

## **"La civilización es memoria."**

Valentín Puig.

*Eduardo Galeano, un dos escritores máis profundos do noso século, denunciou o carácter amnésico da nosa sociedade. O esquecemento é un dos pecados modernos máis perigosos. Quizais agora que Fukuyama preconiza o fin da historia sexa precisa a nostalxia do futuro que atopamos en miles de vestixios do pasado.*

*Nunha conferencia na vila de Cangas o arqueólogo Anxo Acuña fixo unha afirmación provocadora, no senso profundo desta palabra: evocadora de diálogo, sostíña que "a nosa lingua é mediterránea, as leis son mediterráneas ... , neste país atlántico o único auténticamente noso está na prehistoria." Creo como Cortázar que "o mestizo é o home total", por iso, nesta terra de mestizaxe una lingua mediterránea é o noso ser, e unha fachada, un muiño e un museo que leva o noso nome pegado ... o esencial do patrimonio non é o seu valor monetario senon o seu óptico carácter definidor.*

*Nun pobo pouco concienciado na defensa do propio, pouco lúcido para notar o importante do que posúe como patrimonio de todos é magnífico atoparse cun grupo como o da A. C. As Lagoas.*

*Coñecía a moitos dos seus membros, moitas das súas loitas, valoraba moitos dos seus esforzos. Era fermoso notar que cerca había sensibilidades próximas loitando polo mesmo: a reconstrucción dos muiños, a conservación das fachadas, a recuperación do Museo Mariñeiro, a recreación do bote polbeiro... Esta sintonía facíame admiralos.*

*Unha tarde aquela harmonía fíxose maior, formalizouse en reunións para defender unhas mámoas e comprobei con entusiasmo que os membros da A. C. As Lagoas eran quen de escoitar e de acoller, con xenerosidade intelectual, outras voces que sen estar no seu seo tiñan obxectivos comúns.*

*Faleivos da súa sensibilidade para a memoria e para a acollida pero estes valores serían pobres se non fosen semente, se non estivesen abertos, se non tivesen como obxectivo final o coñecemento e o disfrute por parte de todos, e aí están as rutas dos muiños, que con tanto entusiasmo e elocuencia nos transmite Antón, como exemplo do seu afán divulgador.*

*En fin compañeiros - "que tenemos que hablar de muchas cosas".-xa vedes que non quixen facer un compendio das vosas fazañas, coido que están presentes nas mentes e nos corazóns de tódolos veciños de boa vontade, senon unha breve reseña agradecida de quen se veu acompañado en sensibilidades, acollido nas súas ideas, e de quen aprendeu de vos unha parte de sí mesmo que é máis profunda porque non acaba en min e está nos habitantes de Bueu, aínda naqueles incapaces de notalo. Estou certo que o voso traballo fará que a cada volta sexan menos.*

*Graciñas por todo.*

**Salvador Castro**

## **OS XOGOS POPULARES EN BUEU**

*O xogo tradicional está integrado no sistema sociocultural da comunidade. Analisando o xogo podes chegar a entender o comportamento colectivo xa que recolle na súa esencia os sentimentos, sensacións, complexos, atavismos e modos de percepción que van da perguiza a afouteza.*

*Son un modelo da realidade social na que se produce pois aínda que sexa importando, sempre recolle adaptacións propias das características psicolóxicas do pobo que a práctica.*

*O xogo popular transmítese de xeneración en xeneración constituindo deste xeito un forte nexo de unión entre maiores e pequenos xa que os primeiros van ver proxectada a súa infancia e as súas lembranzas nos rituais e habilidades que practican os máis novos cando están con eses xogos.*